



1.2- Vista do sarcófago de Alperiz desde a cabeceira. Este sarcófago, na actualidade, ten unha funcionalidade completamente diferente á orixinal, porque o seu uso está adicado a bebedeiro público do gando

1. O SARCÓFAGO ANTROPOIDE DE ALPERIZ (LALIN)

Antonio Presas

1. SITUACION

O sarcófago, labrado nun bloque granítico exento, atópase ao pé da pista que atravesa os prados de Río, situados xustamente á saída de Alperiz, na pista que une esta localidade con Ponte, Pedroso e Alemparte. Localízase á man dereita, circulando no sentido Alperiz-Ponte, a escasos metros dun vello muiño que funcionaba coas augas do arroio de Alperiz.

2. HISTORIA

Este sarcófago suponse que foi trasladado desde o atrio da igrexa de Alperiz ata o emprazamento actual, por consideralo un elemento inútil e sen funcionalidade. Como ten sucedido en moitas outras localidades do concello lalinense (Soutolongo, Losón, Anzo, ...) foi transformado en pía para abeberar o gando (vacas, ovellas, etc) que transitaba polo vello camiño que comunicaba esta aldea con outras localidades e coas fincas do contorno ("*esa pía recordoa sempre aí. Parece ser que a puxeron para que beberan os animais cando viñan do monte ou de sitios secos. Aquí sempre houbo auga en abundancia*")

O seu descubrimento, como tal, tivo lugar no verán do ano 2001. Daquela foi elaborado un informe, que se remitiu ao concello de Lalín para que puxera en marcha medidas encamiñadas a súa protección e conservación, unha vez


realizado o correspondente estudio e verificada a súa catalogación. O concello, segundo se publicou en Faro de Vigo (8-11-2001), contratou a un arqueólogo, durante seis meses, para que procedera a realización dun estudio con propostas de actuacións diversas (sarcófagos, escavacións e museo do Castro de Donramiro, etc).

Os sarcófagos antropoides foron usados para enterramentos individuais das clases nobiliarias desde a Idade Media ata tempos relativamente modernos (século XVIII). O bloque de granito (un prisma rectangular) no que se facía a escavación en forma silueta humana era, normalmente, trasladado ata o a igrexa que o acollía, onde os canteiros remataban o traballo. Posteriormente eran colocados no interior das igrexas ou enterrados no exterior (atrio) e monumentalizados cun panteón.

3. DESCRICION

O sarcófago reproduce a forma do corpo humano (silueta) escavada nun bloque de granito proporcional ao tamaño daquel.

Estas son as principais medidas, tanto do bloque de granito (continente), como da oquedade antropomórfica (contido)



1.1- Esquemática do sarcófago de Alperiz coas principais medidas internas e externas expresadas en centímetros

MEDIDAS	BLOQUE DE GRANITO (cm)	OQUEDADE ANTROPOMORFICA (cm)
Lonxitude	210	190
Ancho cabeceira	68	
Ancho dos ombros		45
Ancho pé	46	
Ancho pés		20
Altura media	45	
Profundidade media		22

De acordo coas medidas anteriores dedúcese que correspondía a un home de talla grande, home corpulento, porque unhas medidas destas características eran pouco habituais.

Na parte media, no fondo da oquidade, aparece un burato redondo duns 5 cm, feito con posterioridade, para baleirar a auga. É moi posible que o sarcófago tivera un primeiro uso doméstico nalgunha das casas de Alperiz para rematar, máis tarde, neste lugar converténdose nun bebedeiro de uso veciñal.

4. BIBLIOGRAFIA

Inédito



1.3- Vista do sarcófago desde a parte traseira. Desde este ángulo pode apreciarse a forma de silueta humana escavada no bloque de granito.